

## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2020

A Asociación Pro-minusválidos do Ortegal ASPROMOR nace en 1984 por iniciativa dun grupo de país /nais coa finalidade de prestar apoios ás persoas con diversidade funcional da Comarca do Ortegal. Actualmente conta cun servizo de Centro Ocupacional dónde se atenden as necesidades deste colectivo.

As actividades que se desenvolven no Centro están orientadas a potenciar as capacidades dos usuarios/as así como a mellorar o seu grado de autonomía e como fin último a consecución dunha integración laboral e a mellora da calidade de vida dos usuarios e das súas familias. Para conquistar estes obxetivos dispón de diferentes talleres donde os usuarios/as desenvolven diversas actividades en función das súas capacidades:

### Taller de Reparación de Envases de Plástico

Este taller está composto por cinco persoas con diversidade funcional que son usuarios/as do Centro Ocupacional, apoiados por unha traballadora encargada do taller que conxuntamente traballa en coordinación co responsable da labor comercial. No taller desenvólvense aprendizaxes necesarias para realizar esta actividade que consiste na reparación de elementos compostos de plástico, tales como contedores, mobiliario urbán, embarcacións, depósitos, envases, caixas, etc.

Neste ano debido á declaración do estado de alarma pola pandemia do COVID-19, o taller de reparacións atendeu a un menor número de clientes. Os Concellos, lonxas e empresas que valoran a importancia das tres R (Reciclar-Reparar-Reutilizar) e recoñecen a importante labor desenvolvida polos usuarios son os clientes que actualmente atende este taller.

## Taller de elaboración de Fregonas

Mantense dende fai anos esta actividade de xeito permanente sendo unha actividade semiproductiva xa que o produto vai destinado ao mercado galego mediante a colaboración da empresa GADISA que merca e distribúe a produción das fregonas que se fan neste taller.

Dito taller está destinado a persoas con necesidades de apoio intermitente ou limitadas, cun nivel de autonomía e capacidades para participar neste tipo de traballo en cadea no que cada usuario/a realiza unha tarefa diferente adaptada as súas capacidades.

## Invernadoiro

Neste espazo desenvólvense labores ocupacionáis de horticultura cunha finalidade pedagóxica e terapéutica. Os usuarios/as aprenden a preparación de semilleiros, o trasplantedo, o coidado de prantas, a colleita, etc. A súa vez responsabilízanse do mantemento do espazo coa colocación de cartéis indicativos, normas de uso, decoración dos bancáis, limpeza, etc. Tamén, dende hai dous anos, grazas á concesión dunha axuda enmarcada na convocatoria de axudas da Fundación ONCE para proxectos dirixidos a persoas con discapacidade e coa finalidade de diversificar as actividades, empréndese unha nova labor de venta de planta que fai que o invernadoiro se convirta nun espazo mixto de traballo e atención ao público. Deste xeito o invernadoiro convírtese nun punto de encontro e relación social facendo que mellore a imaxe social e a autoestima das persoas con diversidade funcional que desenvolven tarefas neste entorno.

## Taller de cociña

Esta actividade ten como finalidade a adquisición de aprendizaxes relacionadas coa elaboración da comida e preparación do comedor, participando de xeito activo nas tarefas diarias. As labores que se levan a cabo van dende poñer os mantéis, manipular os utensilios de cociña, usar o lavavaixelas, ata aprender os hábitos de hixiene necesarios. Con este taller preténdese que os usuarios/as adquiran os hábitos imprescindibles para desenvolverse nunha cociña co obxectivo de proxectalos no seu ámbito familiar.

## Unidade de día

A Unidade de Día está destinada a usuarios/as do Centro Ocupacional que presentan necesidades de apoio extensas. Algunhos teñen unha idade avanzada, déficit de autonomía e dificultades motoras, relacionais e de comunicación.

Neste espazo os usuarios/as adquiren hábitos de autonomía e rutinas diarias que favorecen a súa independencia e mobilidade corporal. Aprenden a relacionarse cos seus compañeiros/as e co persoal adquirindo unhas pautas de comunicación verbal ou alternativa que favorezan a súa relación co entorno e coas persoas.

As actividades que se realizan na Unidade de Día están orientadas a xerar un entorno de confianza no usuario/a, utilizando para isto os obradoiros de psicomotricidade, plástica, de relaciones co entorno, de teatro, etc.

Atendendo ao seu desenvolvemento integral desenvóléronse paralelamente diferentes actividades, algunhas delas coincidindo co calendario anual e aproveitando os recursos que ofrece o noso entorno.

### Psicomotricidade

A psicomotricidade céntrase no desenvolvemento das capacidades de expresión, creatividade e mobilidade a partir do uso do corpo. Isto permite coñecer o noso corpo en canto ao movemento, ademais de mellorar a coordinación, a motricidade e a axilidade dos /das usuarios/as. Neste obradoiro os usuarios/as divídense en grupos dependendo das súas capacidades/habilidades psicomotrices, utilizando un espazo dotado de material específico para desenvolver esta actividade.

### Obradoiro de Entroido

Co motivo da celebración das festas do Entroido organízase un obradoiro no que se realizan unha serie de actividades conxuntas para todos os/as usuarios/as do Centro. Desenvólvense aprendizaxes e habilidades manipulativas dentro dun marco lúdico.

O resultado deste obradoiro materialízase na decoración do Centro realizada totalmente polos/as propios usuarios/as con materiais reciclados. Paralelamente elaboráanse os disfraces tanto para os monitores como para os usuarios/as.

### Obradoiro de O Magosto

No obradoiro de O Magosto realízanse diferentes actividades en torno a esa temática. O primeiro que se organiza é a colleita de castañas entre todos os usuarios/a. Faise unha saída a un souto para recoller os froitos pasando unha tarde rodeados de natureza. Coas castañas elabóranse uns colares que eles mesmos cosen e coas sobrantes faise un magosto.

### **Obradoiro de O Samaín**

Os usuarios/as traen das súas casas diferentes cabazas para decoralas e colocalas no Centro a xeito de ornamentación e realizar un concurso de premios á mellor cabaza decorada. Ao mesmo tempo se desenvolve un taller de pintado de caras donde se desenvolve a creatividade e a recuperación das nosas tradicións populares.

### **Obradoiro de Nadal**

Organízase de maneira conxunta un obradoiro de tarxetas postais, feitas polos propios usuarios/as, que se envían a todos os socios/as como agradecemento pola súa colaboración e para felicitarlles as festas. Ademais, tamén cada ano se organiza un obradoiro de decoración para adornar o Centro.

Este ano por motivo da pandemia COVID19 e para poder cumprir co protocolo de prevención contra a COVID19 non se puideron desenvolver as actividades do Obradoiro de Teatro, Obradoiro dos Maios e Obradoiro de San Xoán así como todo tipo de saídas e actividades de integración na comunidade.

Dende o 16 de marzo, data na que as persoas usuarias do Centro Ocupacional víronse obrigadas a permanecer nos seus domicilios por motivo do estado de alarma, os profesionais do centro desenvolveron unha labor considerada ACTIVIDADE ESENCIAL, quedando o centro convertido nun CENTRO SEN ACTIVIDADE PRESENCIAL.

Durante este periodo, prestóuse apoio as persoas usuarias e as súas familias cunha atención persoalizada, mediante chamadas telefónicas, videochamadas (individuais e grupais) e visitas domiciliarias, todas adaptadas ás necesidades específicas das persoas atendidas. Ao mesmo tempo que se mantivo a actividade esencial dos diferentes talleres (taller de fregonas, taller invernadoiro) para cumprir así cos compromisos

adquiridos cos clientes e continuar prestando este atención.

Seguindo instrucións da Consellería de Política Social, elaboróuse un PLAN DE ACCIÓN PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID- 19 que foi visado pola Área Sanitaria de Ferrol. Este plan permitiu a reactivación da actividade no Centro e as medidas establecidas no protocolo son as que rixen o día a día e o desenvolvemento da actividade no Centro.

Paralelamente á elaboración do Plan de Acción realizouse a presentación da “GUÍA PARA AS FAMILIAS”, elaborada polo equipo técnico, na que se indican as novas normas no funcionamento do centro. Entre elas cabe destacar o rexistro da toma de temperatura corporal diaria tanto as persoas usuarias como aos profesionais, así como a obrigaón de establecer diferentes turnos de comedor para axeitar os espazos e cumprir coa distancia mínima de seguridade.

Dentro da nova dinámica do Centro desenvólvense accións formativas para as persoas usuarias enfocadas á educación sanitaria sobre hixiene de mans e hixiene respiratoria e á adquisición de novos hábitos e rutinas.

Finalmente, para plasmar o traballo realizado polo equipo técnico durante o estado de alarma “ASPROMOR ESTIVO AHÍ “é o título do audiovisual montado a base de retazos vividos coas persoas usuarias durante o periodo de confinamento, e que foi presentado ás familias na Asamblea Anual.

Durante este ano 2020 atenderónse no Centro Ocupacional Aspromor 24 usuarios da Comarca do Ortegal que desenvolveron todas as actividades anteriormente reflexadas.

Aspromor prestou así mesmo na área de comedor este servizo a todos/as usuarios/as.



Paseo Barro Soto, s/n  
Teléfono 981.422.288  
**15330 ORTIGUBRA (A Coruña)**

Debido á dispersión xeográfica da comarca a Asociación prestou tamén servizo de transporte para o que dispón de varias furgonetas que percorren tres rutas diarias para trasladar ao Centro a todos os usuarios que residen na zona rural.

A asociación ten actualmente en plantilla 10 traballadores que realizan as distintas funcións necesarias para o apoio ás persoas que diariamente se atenden no Centro: administración, atención directa, cuidadoras, cociña, limpeza e transporte e que compoñen o organigrama xeral do persoal laboral do Centro.